

DISTRIBUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN

Para que os produtos cheguen a nós despois de elaboralos nas fábricas ou obradoiros hai que distribuílos.

A **distribución** pode ser:

- Por medios de transporte terrestre como camións e furgonetas.
- Por medios aéreos, para chegar rápido a zonas afastadas.
- Por medios marítimos, cando son grandes cantidades entre lugares afastados.

Unha vez distribuídos, chegan aos **COMERCIOS**. Poden ser de todo tipo:

- Tendas especializadas
- Mercados con varios postos
- Supermercados onde principalmente se venden alimentos.
- Grandes superficies con todo tipo de produtos.

EXERCICIOS

1. Que tipo de transporte empregarías para transportar estes produtos?

a. Levar con urxencia medicamentos a un país asiático.

b. Transportar a un país de América mil coches fabricados en Galicia.

c. Para levar 100 barras de pan a un restaurante da túa localidade.

2. Nun centro comercial, véndense só produtos elaborados ou tamén hai materias primas? Reflexiona a túa resposta.